

HOMENAXE A DANIEL GARCIA RAMOS

Este acto, mais que a celebración dun ritual dunha cerimonia e para mín un acto de fonda emoción e de lembranza da figura dun amigo que debeu estar mais tempo con nós.

Cumpro así, con moita honra esa difícil tarefa de atopar os termos mais atinados para a ocasión.

Sendo consciente de que o maior desafío e resumir, neste breve lapso de tempo, todo o que pode ser dito respecto dun ser humano de cualidades inesquecibles, de extrema xenerosidade, competencia e talento.

Por tal motivo, centrarei a miña intervención nos seu esforzos para conseguir que o galego fora lingua de uso común na actividade xudicial.

Daniel foi orixinario desta terra de A Baña, nun vale formado polo río Albariña, no berce dos verdadeiros Trastámara, un topónimo referido a parte norte de Galicia, que significa tras do Tambre, nome do río galego principal que servía de referencia para a marca do condado do que eran señores os condes de Trava, posuidores deste título, que foi o mais representativo do Reino medieval de Galicia.

Naceu un día coma hoxe de 1933 e faleceu en Santiago de Compostela o 23 de febreiro de 1998, a temperán idade de 64 anos.

Malia que xa pasaron 25 anos deste ingrato acontecemento, teño moi presente ese día no que nos reuniram en Arcade un grupo de amigos e tamén recordo o seu vibrante discurso o remate do xantar animándonos a todos os presentes a continuar coa tarefa galeguizadora sen que nada nos fixera sospeitar que estabamos asistindo a súa derradeira intervención.

A súa biografía destaca que foi fillo de mestres, e neto dun médico rural que lle inculcou o amor o pobo e a entrega desinteresada, non foi a xudicatura a súa primeira opción pois comezou polo traballo na banca, avogado en sanidade e asesor xurídico de empresas, compaxinado esta actividade cos estudos de post grao en Ciencias Políticas na Facultade de Madrid.

Neste tempo fora do país, con estadías profesionais en Bilbao, Madrid é Avila considerouse un autentico emigrante cun obxectivo permanente de regreso a Terra.

Volveu a Galicia continuando en Ourense co exercizo letrado pero de seguida vai para Santiago onde, en 1967, e durante oito anos, deu aulas como profesor adxunto de Economía e Facenda na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago.

Este tempo foi recordado polo actual Presidente do Tribunal Constitucional cando afirmou que Daniel foi o mellor profesor que tivo na súa etapa de formación universitaria.

As revoltas de maio de 1968 van a influír decisivamente no seu pensamento e o dirixiran hacia unha nova comprensión do País e da súa realidade cultural e política.

Retrocedendo a este fenómeno, de días tumultuosos e distantes, afirmou que lle fixeran vivir intensamente a realidade que se desenvolvía diante dos seus ollos, pois un xurista non pode arredarse da observación dos fenómenos sociais en permanente axitación, que lle permiten coñecer a realidade social na que actúa, mais alá do simple valor técnico do estudo e coñecemento das leis.

En 1974 ingresa na carreira xudicial, con primeiro destino en Bande onde permaneceu varios anos. Aquí entendeu que todo ser humano para ollar a verdade debe saír da súa zona de conforto, pois quen observa a realidade sempre do mesmo ángulo acaba perdendo aquela habilidade de "descascar" os feitos até súa mais pura esencia.

Por iso, nesta estadía profesional e rural afianzarase a súa conciencia de galegidade, identificándose coa nosa realidade social, xeográfica e histórica onde Galicia e Portugal coincidían e se delimitaban naquelas terras da Raia, reivindicando a súa antiga pertenza medieval a un mesmo país e a un mesmo reino que chegaba ata o Douro.

Na súa estadía profesional en Bilbao, o propio Daniel cóntanos como recibiu a visita dun cualificado representante da Política Lingüística do Goberno Basco expresándolle o desexo oficial de acadar a súa máxima sensibilidade profesional co euskera.

Relátanos Daniel que nas illadas ocasións en que tivo oportunidade de usar o euskera facilitou o máximo o trámite procesual neste idioma considerando que esa actitude positiva lle resultaba obrigada por convicción persoal e por respecto a comunidade a que servía.

Estes principios, que lle permitían agudizar a súa visión sobre o dereito e observalo desde dunha perspectiva diferente, aplicounos no seu novo destino na Audiencia Provincial de Ourense, en 1984, e posteriormente como maxistrado da Sala Civil e Penal do TSXG, en abril de 1989.

Segundo manifestou, "parecíame que isto me brindaba un abano de maiores posibilidades de vencellar a función xurisdicional o servizo dos seus concidadáns, de conxuntar as súas ideas coa realidade social galega e de procurar, desde a súa modesta posición, o achegamento da Xustiza o Pobo, cronicamente del afastada é a el allea".

A autoría de monografías como o "Réxime Xurídico da lingua galega", ou "A lingua galega na Administración de Xustiza", permitíronlle afirmar que a xustiza debe satisfacer o dereito cidadán a expresarse en galego diante dos tribunais de xustiza.

El mesmo, asumiu este compromiso con estas verbas: "E unha dedicación que teño asumida con vehemencia porque para mín non pode haber unha realidade xurídica perto do pobo, destinada o pobo, senón conecta coa súa capacidade de comunicación e iso só se pode dar cando no se traíza o sentimento idiomático do pobo"

Como xuíz facilitou sempre esta posibilidade lembrándolle os xusticiables o seu dereito a facer uso do galego e así o fixo no primeiro asunto que coñeceu a Sala Penal do Tribunal Superior onde actuou como Presidente en funcións no chamado "caso Barreiro".

É sabido que a mente esquecese dos feitos illados que non estean encadeados en narrativas. Os feitos que non constan de enredos, que o pensamento vai creando, tramando e contando, inicialmente para un mesmo, tenden a ser esquecidos.

O mesmo se aplica para a memoria colectiva. Por mais contraintuitivo que pareza, un feito resiste mellor o tempo cando consta dun relato e aparece nunha historia contada en forma de organización.

Así, Daniel aceptou, en 1987, o enredo de formar parte activa da Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística sentíndose plenamente identificado coas tarefas e proxectos que acometía a Asociación, converténdose en paladín de iniciativas nobres no ámbito da Xustiza.

Nos derradeiros anos da súa vida tivo unha intensa participación en entrevistas, mesas redondas, artigos de xornal, relatorios e conferencias, proclamando a restauración pública da lingua galega en todos os ámbitos e nomeadamente no ámbito da Administración de Xustiza.

Daniel, vestiu a toga honradamente con coherencia e galeguidade exercendo unha das mais nobres profesións a que un home se pode entregar neste mundo como é a impartición da xustiza.

A verdade é que estamos diante dun home admirable, sempre ben humorado, afable, humilde, cun raciocinio áxil, intelixencia brillante, grande formación humanística e con notable talento para a xusta aplicación do dereito.

Unha existencia pautada, polo traballo a prol da lingua, polo estudo das institucións xurídicas galegas, pola dedicación a xustiza e sobre todo polo seu grande amor a Terra: sen sectarismo, intolerancia ou intransixencia que puidera poñer en perigo o proceso normalizador.

É preciso un pouco do que Daniel como xurista tivo moito: humanismo, vivencia do pasado, sensibilidade na aplicación das normas e galeguismo por natureza, xuíz por vocación é avogado por necesidade.

Por esta razón teño a inmensa satisfacción de dicir que o Concello da Baña fai un acto de xustiza o homenaxear o seu fillo predilecto e galego egregio, neste 25 cabodano do seu falecemento, honrando nel, a súa traxectoria persoal diante da súa familia e dos que formamos parte do grande mundo galeguista como amigos leais e continuadores do seu exemplo, porque os ideais nunca morren e permanecen para sempre nos nosos corazóns.

Carlos Varela

A Baña, 16 de abril de 2023